

6ª ACTA DO TRIBUNAL

Proceso selectivo da praza dun funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico Administración xeral para secretaria pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior

No Concello de Rianxo, sendo as 12:00horas do día 10 de febreiro de 2023, reúnese o Tribunal cualificador que avaliará o proceso selectivo de forma telemática .

Preside a sesión Patricia Fernández Pérez, persoal funcionaria do concello, e asisten como vogais os seguintes funcionarios :

1º vogal: Eleuterio Pena Lamas

2º vogal: María Teresa Cid Poza

3º vogal: Juan Francisco González Framil

Secretaria-Vogal: Patricia Sánchez Castelo

A presidenta declara constituído o tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

1. Por acordo de Xunta de Goberno de data 01/09/2022 procédese á aprobación e convocatoria das Bases de selección dun funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico Administración xeral para Secretaría pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior, incluída na oferta de Emprego Público do Concello de Rianxo para o ano 2019 publicadas no Bop 8 de setembro de 2022 num171

2 .Con data 02.02.2023 procédese a apertura dos sobres nos que constaba un código alfanumérico dos datos de identificación persoais dos opositores que realizaron o terceiro exercicio . Publicándose na sede electrónica o 02.02.2023 .

As reclamacións contra esas valoracións do tribunal tiñan un prazo 5 días para presentarse conforme a base 10 , rematando o mesmo o día 09.02.2023

3 . Dase conta do contido da base 9.2.4.-

Cuarto exercicio: Coñecemento de galego. Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, sendo a cualificación de APTO ou NON APTO. Consistirá na tradución directa e/ou inversa de un ou varios textos, en castelán ou galego, facilitados polo tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos. Os textos serán escollidos polo Tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba. Deberan realizar esta proba aqueles aspirantes que non presenten o certificado, orixinal ou fotocopia compulsada –no prazo de presentación de instancias e referido á data de remate– de ter superados os estudos conducentes á obtención do nivel do coñecemento do galego CELGA IV esixido,

expedido por organismo oficial para tal efecto, ou título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin, considerándose neste caso directamente como APTO sen necesidade de realizar a proba. Os aspirantes que non acreditasen estar en posesión do CELGA IV ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídos do proceso.

A secretaria do tribunal da conta do certificado 09.02.2022 co seguinte contido :

Que agás erro ou omisión involuntaria, consta na plataforma TEDEC no expediente 2022/E001/000001 Bases e Convocatoria Técnico Administración Xeral (TAG :

Documentación acreditativa de ter superados os estudos conducentes á obtención do nivel do coñecemento do galego CELGA IV esixido, expedido por organismo oficial para tal efecto, ou título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin, Conforme o procedemento de validación dos cursos de lingua galega(<https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga/validacion-de-estudos-de-galego>)

ASPIRANTES	DOCUMENTACIÓN
REBOREDO FRAGA VANESSA	CERTIFICADO IES 27.6.06 INICIACION -PERFECCIONAMENTO LINGUA GALEGA
GARCIA AGRELO ROSA ISABEL	CERTIFICADO IES 25.09.2005 INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO LINGUA GALEGA
FERNANDEZ ARMESTO MIGUEL SANTIAGO	CERTIFICADO IES 30.09.09 LINGUA GALEGA CELGA 4

“

4 .A vista do cal este tribunal por unanimidade dos membros acorda que os anteriores aspirantes acreditan estar en posesión do certificado acreditativo de lingua galega celga IV directamente como APTO sen necesidade de realizar o cuarto exercicio

ASPIRANTES	CUARTO EXERCICIO
REBOREDO FRAGA VANESSA	APTO (CERTIFICADO LINGUA GALEGA IV)
GARCIA AGRELO ROSA ISABEL	APTO (CERTIFICADO LINGUA GALEGA IV)
FERNANDEZ ARMESTO MIGUEL SANTIAGO	APTO (CERTIFICADO LINGUA GALEGA IV)

5. Dase conta da base 9.3.- Cualificación final

A puntuación final das probas selectivas, aos efectos de ordenación dos opositores na relación de aprobados virá determinada pola suma total das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios obrigatorios. BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOP BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA Xoves, 8 de setembro de 2022 [Número 171] Jueves, 8 de septiembre de 2022 Página 5 / 10 Número de anuncio 2022/5526 En caso de empate, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida no terceiro exercicio, e se isto non fora suficiente, no segundo e primeiro, por esta orde, e de persistir o empate resolverase pola orde alfabética a que se refire a base 9.1.1. Na resolución da oposición o tribunal rexerese polo establecido nesta convocatoria específica. De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal propondrá o nomeamento do aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas na oposición obtivera a maior puntuación. O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Efectuarase unha relación complementaria cos aspirantes finalistas que aprobasen o proceso pero que non obtivesen praza co fin de crear unha lista de espera para cubrir necesidades futuras na cobertura interina de postos ligados a prazas da mesma natureza que a convocada. O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de aspirantes. As cualificacións dos aspirantes finalistas aprobados serán publicadas no tablón de anuncios do Concello.

Despois de sumados os resultados de todos os exercicios estas son as puntuacións ordeadas:

ORDEN		PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CUARTO EXERCICIO	TOTAL
1º	REBOREDO FRAGA VANESSA	8,100	8,750	9,000	APTO	25,850
2º	GARCIA AGRELO ROSA ISABEL	5,800	7,875	8,450	APTO	22,125
3º	FERNANDEZ ARRESTO MIGUEL SANTIAGO	5,750	5,000	5,150	APTO	15,900

6. Rematado o proceso de valoración, O TRIBUNAL por unanimidade dos presentes propón superou o proceso selectivo de funcionario/a de carreira na praza de Técnico Administración xeral para secretaria pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior **Dona Reboredo Fraga Vanessa con DNI ***234*** propoñendo o seu nomeamento.**

7. O tribunal propón Relación complementaria cos aspirantes finalistas que aprobaron as probas pero que non obtivesen praza co fin de crear unha **lista de agarda** para cubrir necesidades futuras na cobertura interina de postos ligados a prazas da mesma natureza que a convocada conforme a base 9.3

ORDEN	DNI	LISTA AGARDA TECNICO ADMINISTRACIÓN XERAL SECRETARIA RIANXO
1º	***656***	GARCIA AGRELO ROSA ISABEL
2º	***844***	FERNANDEZ ARMESTO MIGUEL SANTIAGO

8. As reclamacións contra estas valoracións do tribunal terán un prazo 5 días para presentarse conforme a base 10 .

Levántase a sesión ás 12:15 horas.